

RESOLUCIÓN pola que se abre o prazo da fase para a presentación das solicitudes de axudas aos plans de produción e comercialización no ano 2025 das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e das asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) recoñecidas con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) (código de procedemento PE155C)

A Orde do 17 de decembro de 2025, pola que se convocan axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), executados no ano 2025 e coa posibilidade de conceder anticipos (código de procedemento PE155C) (publicada no DOG nº 244 do 18 de decembro), dividiu o procedemento en dúas fases: a fase de anticipo e a fase de axuda.

En primeiro lugar, durante o ano 2025, aquelas OPP e AOP de ámbito galego interesadas en obter un anticipo das axudas puideron presentar unha solicitude a tal efecto a partir do día seguinte á publicación da Orde de convocatoria, é dicir, o 19 de decembro de 2025. Deste modo, dito anticipo sería descontado da axuda á que as entidades beneficiarias tivesen dereito, a cal sería calculada nunha segunda fase, denominada fase da axuda. Esta fase tería lugar unha vez que as organizacións de produtores executasen completamente os seus plans de produción e comercialización e acreditasen tal circunstancia a través do procedemento de tramitación dos informes anuais de actividades das OPPs (PE211A).

A segunda fase, a denominada fase da axuda, segundo o artigo 15 da Orde do 17 de decembro, debe abrirse mediante unha resolución publicada no Diario Oficial de Galicia, cuxa data de publicación non poderá ser anterior ao 1 de xuño de 2026. Asemade, tendo en conta a finalización da tramitación dos procedementos correspondentes aos informes anuais das actividades das OPPs galegas referidos a 2025 —cuxa aprobación é necesaria para a apertura desta fase—, considéranse reunidas as circunstancias necesarias para a apertura da segunda fase do procedemento.

A presente Resolución ten por finalidade abrir a fase da axuda, tal como se regula na Orde do 17 de decembro de 2025 pola que se convocan axudas destinadas á preparación e aplicación dos



plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), executados no ano 2025 e coa posibilidade de conceder anticipos (código de procedemento PE155C) (DOG Núm. 244 Xoves, 18 de decembro de 2025)

En consecuencia RESOLVO;

PRIMEIRO: *Apertura da fase da axuda.*

A fase da axuda aos plans de produción e comercialización das Organizacións de Produtores e das asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) recoñecidas con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia, executados en 2025, á que se refire o artigo 15 da Orde do 17 de decembro de 2025, ábrese a partir do día seguinte á publicación desta Resolución no Diario Oficial de Galicia.

Nesta fase aquelas organizacións de produtores pesqueiros que tivesen o seu PPeC de 2025 aprobado mediante unha resolución da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (tanto se foron beneficiarios da fase do anticipo coma senón) poderán solicitar a axuda aos gastos derivados do seu Plan de Produción e Comercialización, así como seu pagamento, unha vez descontada a contía do anticipo, de ser o caso.

SEGUNDO: Presentación das solicitudes

As solicitudes, desta fase presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, enchendo os apartados específicos referidos á fase da axuda.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

TERCEIRO: Prazo de solicitudes

O prazo para presentar a solicitude da axuda será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución pola que se abre o prazo da fase para a presentación das solicitudes de axudas aos plans de produción e comercialización do ano 2025 das organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e das asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) recoñecidas con ámbito de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Aquelas entidades que fosen beneficiarias dun anticipo e non presenten solicitude nesta fase deberán reintegrar a totalidade do anticipo concedido así como os correspondentes intereses de demora, nos termos establecidos na lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTO: Procedemento aplicable

O procedemento aplicable a esta fase é o recollido na Orde do 17 de decembro de 2025, pola que se convocan axudas destinadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), executados no ano 2025 e coa posibilidade de conceder anticipos (código de procedemento PE155C).

Santiago de Compostela

A conselleira do Mar.

PD Artigo 22.3 Orde do 17.12.2025

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Isaac Miguel Rosón Sánchez Brunete

